



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública. Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA DO CONCELLO DE GONDOMAR

INDICE

TITULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS, ÁMBITO DE APLICACIÓN, OBXECTO

Artigo 1—Réxime xurídico

Artigo 2—Ámbito de aplicación

Artigo 3—Ius variandi.

Artigo 4—Modalidades.

Artigo 5—Exclusións.

TÍTULO II.—ESPAZOS RESERVADOS, NUMERO DE POSTOS, PERIODICIDADE E HORARIO DA VENDA E PRODUCTOS AUTORIZADOS

Artigo 6—Emprazamento

Artigo 7—Tipoloxía dos postos.-

Artigo 8—Nº postos.-

Artigo 9—Horarios.-

Artigo 10—Produtos prohibidos.-

TITULO III.—AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O EXERCIZO DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA

Artigo 11—Órgano competente e requisitos

Artigo 12—Solicitudes, transmisión e supostos específicos de revogación

Artigo 13- Titulares e caducidade.

Artigo 14—Tarxeta identificativa

TITULO IV.—OBRIGAS DOS TITULARES DAS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE E PROHIBICIÓN.

Artigo 15—Obrigas

Artigo 16—Prohibicións.

TITULO V. VIXILANCIA E INSPECCIÓN, EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 17—Vixilancia e inspección

Artigo 18.—Extinción da autorización

Artigo 19.—Tipificación das infraccións e reincidencia.

Artigo 20—Prescripción das infraccións.

Artigo 21.—Tipoloxía e contía das sancións

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

DISPOSICIÓN FINAL

ANEXO

TITULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS, ÁMBITO DE APLICACIÓN, OBXECTO

Artigo 1—Réxime xurídico. A presente ordenanza municipal dítase ao amparo do disposto no artigo 25.2.g) e 84 da lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, 1.2 do decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; na lei 1/1996, de 5 marzo, de regulación das actividades feriais de Galicia, lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, no real decreto 199/2010, de 26 de febreiro, polo que se regula o exercizo da venda ambulante ou non sedentaria e no decreto 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación de la venta ambulante.



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública.

Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

Artigo 2— Ámbito de aplicación. Considerase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes, fóra do establecemento comercial permanente, de forma habitual, periódica, ocasional ou continuada, e na vía pública ou en solares, ou en espazos libres, en postos ou en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluídos os camiós tenda ou vehículos de natureza análoga.

Exclúese deste concepto a venda efectuada dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame ferial por non ter a consideración de venda ambulante en aplicación do disposto na normativa detaiada no artigo 1º.

A venda ambulante a que fai referencia o presente artigo só se poderá efectuar de acordo coas condicións e termos establecidos na presente ordenanza municipal, quedando prohibida no termo municipal de Gondomar a venda ambulante que non se axuste ás prescricións establecidas nela

Artigo 3— lus variandi. O Concello, por causa de interese xeral e previo cumprimento dos requisitos establecidos na normativa que sexa de aplicación, poderá modificar as prescricións desta ordenanza dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de puntos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que isto dea lugar a indemnización algunha. Así mesmo o Alcalde-presidente da Corporación municipal, por resolución motivada, poderá alterar os lugares de venda de forma provisional por razóns de interese público.

Artigo 4— Modalidades. A venda ambulante únicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos baixo as seguintes modalidades

- Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados ubicados en poboacións, lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Neste epígrafe están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, mercadillos e rastros.
- Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.
- Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e periodos determinados.
- Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.
- Venda ambulante mediante camiós ou vehículos- tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

Artigo 5— Exclusións. De conformidade con canto se establece polo artigo 2.4 do Decreto 194/2001, de 26 de xullo non terá consideración de venda ambulante:

- Actividades comerciais reguladas pola Lei 1/1996, de 5 de marzo de actividades feriais de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.
- Venda directa exercida polos agricultores do termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción. Venda de obxectos artesanais realizados polos propios produtores, con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública. Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

- Venda puramente ocasional de xornais, plantas e flores, así como de obxectos usados de pertenza particular do vendedor.
- Venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas ao efecto.

Non obstante o exposto, os agricultores e artesáns que realicen este tipo de venda utilizando as vías públicas están suxeitos ás normas de funcionamento establecidas na presente ordenanza así como as obrigas que se indican así como, no seu caso, ó réxime de infraccións e sancións

TÍTULO II.—ESPAZOS RESERVADOS, NUMERO DE POSTOS, PERIODICIDADE E HORARIO DA VENDA E PRODUCTOS AUTORIZADOS

Artigo 6— Emprazamento. Por resolución de Alcaldía determinarase a zona de emprazamento para o exercizo da venda ambulante ou non sedentaria, fóra da cal non se poderá exercer a actividade comercial co indicación dos espazos reservados e número total de postos.

Os postos de venda ambulante ou non sedentaria non se poderán situar nos accesos a edificios de uso público ou privado, diante dos escaparates, acceso a establecementos comerciais e industriais, nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación. Os postos de venda instalados nas beirarrúas ou vías públicas que vulneren o establecido no apartado anterior serán retirados pola Policía Local, previa resolución da Alcaldía

A zona urbana, no seu caso, de emprazamentos autorizados para o exercizo da venda ambulante establecerase oídos os distintos axentes económicos e sociais do termo municipal. En calquer caso, o emprazamento do mercado e os dos postos serán de fácil acceso para os consumidores e reunirán as debidas condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade previos informes emitidos ao respecto polos servizos municipais correspondentes.

O Concello delimitará as zonas de ocupación da rúa por parte dos comerciantes ambulantes autorizados e, para a correcta delimitación dos postos de venda, delimitará a superficie dos postos mediante ordenación e pintado diario pola Policía local.

Artigo 7— Tipoloxía dos postos.- Para o uso do comercio ambulante ou non sedentario será necesario o uso de instalacións desmontables e/ou transportables nos termos sinalados na presente ordenanza, suxeitando, en todo caso, as súas instalacións, ós condicionamentos sinalados tendo en conta que haberá de tratarse de instalacións desmontables de fácil transporte, e que reúnan condicións de seguridade salubridade e ornato público, quedando prohibida a exposición de mercadorías no chan.

Os produtos perecedeiros, deberán situarse a unha altura respecto o chan, non inferior a 0,5 metros.

Os postos desmontables deberán instalarse ocupando o lugar asinado e sen superar os límites de espazo asinados, segundo a superficie concedida non podendo superar a totalidade da instalación os 6 x 2 metros.

Nos espazos autorizados do mercado semanal para a venda ambulante prohibese o comercio de produtos de todo tipo mediante camións ou vehículos-tenda agás autorización individualizada expresa en sentido contrario nos termos e coas formalidades establecidas na presente ordenanza



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pantovodra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública.

Gondomar, 12 de xuño de 2012
A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

Artigo 8—Nº postos.- O número máximo de postos de venda con indicación dos artigos de venda en cada un deles, serán determinados por resolución de Alcaldía. O Concello, para o bo funcionamento e control do mercado, disporá dun plano a escala, no cal, quedará reflectida a distribución numerada de todos os postos e dita numeración coincidirá coas autorizacións expedidas.

Artigo 9—Horarios.- O mercado semanal de venda ambulante celebrarase todos os luns de cada mes, agás que o concello dite outro día mediante resolución de Alcaldía.

O horario establecido comprende dende as 9,00 ás 14,00 horas, no que se procederá a súa retirada. O montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 8,00 e as 9,00, quedando prohibida a instalación a partir da hora indicada e sen que o posto poida ser ocupado por outro vendedor. Do mesmo xeito, ningún vendedor poderá desmontar o seu posto unha vez montado, ata que remate o horario de venda establecido nesta ordenanza.

A inobservancia deste horario, conlevará unha falta leve. Quedando prohibida a entrada no recinto do mercado semanal a calquer vehículo, para facer labores de montaxe ou desmontaxe, agás no horario habilitado para este fin.

Só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos téxtiles, de artesanado e de ornato de pequeno volume, libros, aparatos de radio, cintas de música, prantas, flores, utensilios e outros análogos.

Artigo 10—Produtos prohibidos.- Non se poderá conceder autorización para a venda daqueles produtos que a súa normativa reguladora así o prohíba conforme co indicado no art. 8 do Real decreto 199/2.0 10 podendo, ademais, as autoridades sanitarias poden prohibir a venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública o aconsellen.

Queda prohibida a venda de carnes, aves e cazas frescas, refrixeradas e conxeladas; de peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados; leite certificada e leite pasteurizada; queixos frescos, requeixón, nata, manteiga, iogur e outros produtos lácteos frescos; pastelería e bolería rechea ou guarnecida; pastas alimenticias frescas e recheas; anchoas, afumados e outras semiconservas, así como aqueles outros produtos que polas súas especiais características a xuízo das autoridades competentes conleven risco sanitario e en xeral todo produto de alimentación.

Queda expresamente prohibida a venda de animais vivos.

Non obstante o anterior, en casos excepcionais, poderase autorizar a venda dos produtos a que se refire este artigo cando a xuízo das autoridades sanitarias competentes se dispoña das adecuadas instalacións frigoríficas e os referidos produtos estean debidamente envasados.

Dado o carácter singular da venda ambulante de produtos alimenticios, ademais das condicións xerais que na presente ordenanza establecen para todos os postos de venda, aqueles nos que se expendan produtos alimenticios deberán reunir as condicións hixiénico sanitarias e doutra índole que se establezan nas regulamentacións específicas dos produtos comercializados e instalacións e, en calquer caso para a venda de produtos alimenticios, será imprescindible posuír o carné de manipulación de alimentos, en vigor.

TITULO III.—AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O EXERCIZO DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública.

Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

Artigo 11— Órgano competente e requisitos. O Alcalde-Presidente será competente para autorizar a venda en calquera das modalidades previstas nesta ordenanza. As autorizacións otorgaranse mediante licitación que garanta o sistema de concurrencia competitiva, e mediante otorgamento dos títulos de ocupación do dominio público que procedan por aplicación dos arts. 86 e seguintes da Lei 33/03, de 03/11, de Patrimonio das Administracións Públicas, do capítulo II da Lei 17/09, de 23/11, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e polo Regulamento de Bens das Corporacións Locais. O procedemento será público e a súa tramitación desenvolverase consonte a criterios

Poderán ser titulares das autorizacións municipais para a venda ambulante ou non sedentaria que se regulan nesta ordenanza, tódalas e tódolos españois e extranxeiros, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar conforme coa lexislación mercantil e co establecido na lei do comercio interior de Galicia e para o exercizo da venda ambulante se esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Estar dado de alta no réximen correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das súas cotizacións e no imposto de actividades económicas e, no seu caso, ao corrente no pago do devandito imposto
- Atoparse inscrito no rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia e dispor do correspondente documento acreditativo de tal extremo
- Cumprir os requisitos dos regulamentos de cada tipo de produtos.
- Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- Satisfacer as taxas e os tributos fixados na ordenanza fiscal correspondente.
- Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, si se trata de persoas extranxeiras.
- As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa.
- Dispor de seguro de responsabilidade civil.
- Dispor da previa autorización municipal que sinalará o obxecto da venda que deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente e estará sometida á comprobación previa polo concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos legais en vigor polo exercizo do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para o cal está autorizada a venda
- Atoparse debidamente identificado como comerciante ambulante no xeito previsto no decreto 194/2001 de 26 de xuño

Artigo 12— Solicitudes, transmisión e supostos específicos de revogación. A solicitude de autorización municipal para o exercizo da venda ambulante ou non sedentaria deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida ao Sr Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello. Á solicitude deberá unirse unha declaración responsable, segundo o modelo establecido no anexo desta ordenanza, na que se fará constar necesariamente os seguintes extremos:

- Que cumpre tódolos requisitos establecidos para o exercizo da venda ambulante na comunidade autónoma de Galicia e que está inscrito no Rexistro de comerciantes



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pantovódra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública. Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

ambulantes de Galicia, regulado polo Decreto 199/2001 de 26 de xullo, e que tal inscrición está vixente na data da declaración.

- Que está en posesión da documentación que así o acredita a partir do comezo da actividade.
- Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo da vixencia da autorización. Que non vai proceder a venda de artigos distintos dos solicitados e en todo caso, daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de selo caso, que acatará toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos. A declaración responsable, comprenderá, ademais, os seguintes extremos:
 - a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pagamento da tarifa. A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada, a opción do interesado, ben por el mesmo, ben mediante autorización á administración para que verifique o seu cumprimento
 - b) Observar ao corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social.
 - c) Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora dos postos e do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.
 - d) No caso de estranxeiros, deberá acreditarse, estar en posesión do permiso de residencia e de traballo ou documentación que xustifique que está en trámite de obtela ante o organismo competente, os devanditos permisos.
 - e) Cando o venda se realice por persoa distinta do titular da licenza, acreditación do correspondente contrato laboral e alta na Seguridade Social.

Á declaración responsable deberán unirse os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos establecidos no parágrafo anterior

A autorización para o exercizo da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada e será persoal e intransferible sen perxuízo da posibilidade de transmisión previa autorización municipal nos termos sinalados no Real decreto 199/2010. O Concello de Gondomar reservase un dereito de tanteo ou adquisición preferente verbo da totalidade das transmisións que sexan solicitadas. Este dereito executarase nun prazo máximo dun mes contado a partires da presentación da solicitud de transmisión de cedente e cesionario.

O concello poderá comprobar e inspeccionar, en todo intre, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, así como o cumprimento das obrigas establecidas na normativa de aplicación e na presente ordenanza e lles notificará, no seu caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercizo das súas funcións que poidan constituir unha infracción da lexislación de defensa daa competencia.

A autorización debe definir os seguintes parámetros:

- Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización e do vendedor ou vendedora autorizado.
- Modalidade de venda ambulante que se autoriza.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pantovódra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública.

Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

- Determinación dos artigos que poden ser obxecto de comercialización, especificando as condicións particulares de hixiene ou seguridade especialmente necesarias para o caso.
- Determinación dos lugares e dimensións, así como dos días, horario e frecuencia para os que se autoriza o exercizo da venda ambulante.
- Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización e identificación das mesmas.
- Referencia á obrigación de coñecer e cumprir la normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.
- Condicións particulares ás que, no seu caso, quede suxeito o titular da autorización.
- Período de vixencia da autorización.
- O titular da autorización de produtos de alimentación e herbodietética deberá, adicionalmente, cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

O prazo máximo de duración será dun ano, prorrogable de forma expresa por idénticos períodos cunha antelación mínima de tres meses a cada vencemento do prazo que corresponda.

As autorizacións outorgadas serán revocadas polo incumprimento sobrevido dos requisitos establecidos na presente ordenanza, ou polo falseamento da documentación presentada xustificativa do cumprimento dos requisitos sinalados, así como por motivos de interese público debidamente xustificadas ou a desaparición das circunstancias que as motivaron sen que por elo xenere dereito a indemnización e/ou compensación algunha.

Artigo 13- Titulares e caducidade. As autorizacións municipais para o exercizo da venda ambulante, constarán dun titular por cada posto, e so poderá nomear un suplente en casos excepcionais debidamente xustificadas, e previa autorización do concello, por resolución do Alcalde. No caso de persoas xurídicas a autorización habilitará ás persoas físicas vinculados á mesma e que cumpran con requisitos especificados no artigo 11

Se a/o titular interrompe a actividade de ocupación para a que estea autorizada/o por unha doceava parte do período da súa vixencia producirase automaticamente a súa caducidade.

Non obstante o disposto no paragrafo anterior, o Concello poderá resolver casos individualizados por enfermidade do titular ou outras causas debidamente xustificadas documentalmente.

Artigo 14—Tarxeta identificativa. Xunto coa autorización municipal expedirase unha tarxeta identificativa da mesma asinada polo Alcalde do Concello que deberá estar en posesión do titular e/ou vendedor autorizado durante o exercizo da venda ambulante e exhibir obrigatoriamente durante a venda. A expedición da primeira tarxeta será gratuíta. No caso de modificación de datos, perda ou deterioro a expedición da segunda e sucesivas tarxetas estará suxeita ao pago da taxa de expedición de documentos.

A tarxeta de identificación á que fai referencia o presente artigo será esixida á entrada ao recinto do mercado, no que se poderá prohibir a colocación do posto cando se careza dela. A tarxeta será confeccionada polo Concello, expedida por primeira vez xunto coa autorización municipal, e conterá os seguintes datos



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pantovodra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública.

Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

- Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización e, no caso de non ser coincidente, do vendedor/a autorizado/a
- Data da licenza municipal e de caducidade.
- Fotografía tamaño carnet.
- Produtos autorizados para a venda.
- Lugar de venda.
- Datas e horario na que se pode efectuar a venda.
- Número de metros cadrados do posto e período de vixencia.
- Epígrafe I.A.E.
- Número outorgado ao titular no Rexistro Municipal de comerciais ambulantes do termo municipal do Concello de Gondomar
- No reverso levará un resumo das circunstancias máis salientables desta ordenanza, especialmente o capítulo de faltas e sancións

TITULO IV.—OBRIGAS DOS TITULARES DAS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE E PROHIBICIÓNS.

Artigo 15—Obrigas.- Son obrigas dos titulares das autorizacións e, no seu caso, dos vendedores, ademáis de cumprir cos requisitos relacionados no artigo 11 da presente ordenanza durante todo o prazo de vixencia da autorización municipal, os seguintes:

- a) Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que fosen autorizados.
- b) Utilizar, no seu caso, balanzas, pesas, medidas e demais instrumentos de axuste, comprobación e calibración de mercancías á venda, debidamente contrastadas polo servizo autonómico correspondente.
- c) Observar as normas sanitarias que establecen as disposicións de aplicación vixentes.
- d) Cumprir cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- e) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda, etc. nas debidas condicións de seguridade, ornato público, hixiene, conservación e limpeza.
- f) Así mesmo deberán manter os lugares limpos de residuos e desperdicios en todo momento, e reparar os desperfectos ocasionados na vía pública e instalacións tanto durante o aproveitamento coma ao remate de mesmo.
- g) Os vendedores/as ambulantes deberán manter limpo e en debidas condicións de hixiene o espazo que lle fora asignado, recollendo todos os desperdicios e materias de embalaxes debidamente atados e depositalos nos correspondentes contenedores de residuos.
- h) Exhibir lo documento no que se outorga a licenza e os xustificantes do pagamento das obrigas fiscais que correspondan aos axentes de Policía Municipal.
- i) Ter exposta ao público e para as autoridades que realicen actuacións de inspección, dun xeito facilmente visible, ademáis da autorización municipal, unha dirección para a recepción de posibles reclamacións durante o exercizo da actividade
- j) O vendedor/a terá a obriga de mostrar a/as factura/s de compra dos produtos a requerimento das autoridades ou Policía Municipal.
- k) Os vendedores/as ambulantes deberán cumprir no exercizo da súa actividade mercantil, coa normativa vixente en materia de comercio e protección ao consumidor e



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública.

Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

responder dos produtos que vendan, facilitando a súa identificación mediante etiquetado e procedencia.

Artigo 16—Prohibicións.- Prohíbese, ademáis, do incumprimento das obrigas recoñecidas na presente ordenanza durante todo o prazo de vixencia da autorización municipal, o seguinte:

- a) Queda prohibida expresamente a utilización de megafonía e outras ocupacións de espazos públicos non autorizados polo concello para anunciar a venda de produtos.
- b) Traspasar ou ceder a autorización municipal, así como cambiar a localización ou o emprazamento das instalacións ou cambialas sen autorización municipal e estender as mercadorías fóra dos límites do posto.
- c) A venda a quenes padezan enfermidade infecto-contaxiosa, reservándose o Concello o dereito de esixir ao vendedor un certificado de recoñecemento médico cando o xulguen convinte.
- d) O exercizo de calquera actividade ou comercio que contraviñese o establecido nesta ordenanza.

TITULO V. VIXILANCIA E INSPECCIÓN, EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 17— Vixilancia e inspección.- O Concello vixiará e garantirá o debido cumprimento por parte dos titulares das autorizacións municipais de venda ambulante ou non sedentaria do preceptuado na presente ordenanza municipal e, especialmente, das esixencias e condicións hixiénico-sanitarias, de ornato público e de seguridade en cada intre vixentes en materia de venda ambulante, sen prexuízo do exercizo das súas competencias por parte doutras Administracións Públicas.

O Concello, no exercizo das súas funcións de vixilancia, poderá inspeccionar produtos, actividades e instalacións, así como solicitar ós/as vendedores/as canta información resulte precisa en relación aos mesmos nos termos sinalados no artigo 12 da presente ordenanza municipal.

Artigo 18.— Extinción da autorización.- Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta ordenanza, as autorizacións municipais para a venda ambulante ou non sedentaria reguladas na mesma se extinguen polos seguintes motivos:

- a) Transcurso do prazo polo que se outorgou.
- b) Renuncia expresa e escrita do titular.
- c) Falecemento do titular.
- d) Sanción que conleve a perda da autorización.
- e) Perda de tódolos ou algún dos requisitos esixidos para obter a autorización.
- f) Falta de pago das exaccións correspondentes dentro do prazo fixado na correspondente Ordenanza Fiscal.
- g) Falta de pago das sancións municipais que se impuxesen.
- h) Por revocación establecida nesta Ordenanza.
- i) Supresión do exercizo da venda ambulante en xeral no termo municipal.

A extinción polos motivos d), e), f), h) requirirán a adopción dunha resolución da Alcaldía previa audiencia do interesado por un prazo máximo de 15 días, nos demais supostos a extinción operará automaticamente.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública. Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

Artigo 19.—Tipificación das infraccións e reincidencia. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como das determinacións da Lei 13/2010 de 17/12 do comercio interior de Galicia e da súa normativa de desenvolvemento orixinará a incoación do correspondente procedemento sancionador.

Serán responsables polas infraccións tipificadas na normativa referenciada no paragrafo anterior e na presente ordenanza, as persoas físicas e xurídicas titulares das empresas, establecementos e actividades comerciais de que se trate.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Serán infraccións leves:

- As tipificadas no artigo 104 da lei 13/2010 do comercio interior de Galicia
- As simples inobservancias das disposicións establecidas na presente ordenanza, sen transcendencia económica nin prexuízo para os/as consumidores/as.
- Falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circundante.

Serán infraccións graves:

- As tipificadas no artigo 105 da Lei 13/2010 do comercio interior de Galicia
- Non cumprir as normas de seguridade das instalación e dos seus elementos.
- A venda de produtos distintos dos autorizados.
- A instalación de posto en lugar distinto do autorizado.
- Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadoría.
- A desobediencia a atender as normas de orde e indicacións da Policía Municipal.

Serán infraccións moi graves:

- As tipificadas no artigo 106 da lei 13/2010 do comercio interior de Galicia
- Incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se venda.
- O exercicio da actividade por persoa distinta da autorizada.
- A instalación de postos sen autorización.
- Venda de produtos non autorizados.
- A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilita-la información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, inspección, tramitación e execución nas materias a que se refire a presente Ordenanza, así como o subministro de información inexacta ou documentación falsa.

Entenderase por reincidencia a comisión, no período dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así sexa declarado por resolución firme. No obstante o anterior, para calificar unha infracción como moi grave só atenderase á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción de este tipo sexa calificada como grave cando se incurriera en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fóra declarado por resolución firme.

Artigo 20.— Prescripción das infraccións. As infraccións reguladas na presente Lei prescribirán os tres anos as calificadas de moi graves, aos dous anos as calificadas de graves e aos seis meses as calificadas de leves. Estes prazos contarase a partir da realización do acto sancionable ou da finalización do período de comisión si se tratase de infraccións continuadas. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pantovodra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública. Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

procedemento sancionador. O prazo de prescrición volverá correr no caso de que o expediente sancionador esté paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa presuntamente infractora.

Artigo 21.—Tipoloxía e contía das sancións.- As infraccións sinaladas na presente ordenanza darán lugar as seguintes sancións:

- a. Apercibimento á persoa infractora.
- b. Multa.
- c. Incautación e perda da mercancía.
- d. Peche do establecemento ou suspensión da actividade comercial de que se trate por prazo non superior a un ano.

As sancións que se aplicarán serán as que seguen:

1.—Por infraccións leves:

— Multa de 100 ata 300 euros.

2.—Por infraccións graves:

— Multa de 300 ata 600 euros.

3.—Por infraccións moi graves:

a) Multa de 600 ata 900 euros.

b) E/ou revogación da autorización.

A Alcaldía poderá acordar, como sanción accesoria, ou decomiso das mercadorías adulteradas, deteriorada, falsificadas, fraudulentas non identificadas ou que entrañan risco para o consumidor; ou que incumpran os requisitos mínimos establecidos para a súa comercialización; así como nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos

Os gastos de transporte, distribución, destrucción, etc., da mercadoría sinalada no paragrafo anterior serán por conta do infractor.

A Alcaldía, que é o competente para ordear a incoación do expediente e a imposición das sancións previstas na presente ordenanza, poderá decidir, como medida precautoria, a intervención cautelar das mercadorías cando das dilixencias practicadas se presuma incumprimento dos requisitos mínimos esixidos para a súa comercialización.

En todo caso, para a gradación das infraccións e sancións aplicables terase en conta a transcendencia social da infracción, o comportamento especulativo do autor, a contía global da operación obxecto de infracción, a contía do beneficio obtido con ela, a natureza dos produtos vendidos, a zona afectada, a categoría, clase e solvencia económica do establecemento,

O exercizo de calquera actividade ou comercio na vía pública sen autorización municipal dará lugar á retirada das instalacións, elementos e xéneros neles situados e presumirase que tal autorización non existe de non se presentar a correspondente autorización no intre de ser esixida polos axentes municipais.

No caso do apartado anterior os interesados poderán recuperar os elementos retirados ao aboaren o importe das taxas e demais gastos orixinados por tal retirada, sen prexuízo da sanción correspondente.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública. Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

As infraccións ao disposto na presente Ordenanza serán sancionadas administrativamente, previa instrución do correspondente expediente administrativo sancionador tramitado de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións Públicas e do procedemento administrativo común e co Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora aprobado por R.D. de 4 de agosto de 1993. En todo caso, o Órgano instructor do expediente cando sexan detectadas infraccións de índole sanitaria, deberá dar conta inmediata das mesmas ás autoridades sanitarias que correspondan.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Todas as disposicións de igual o inferior rango que esta ordenanza de regulación de mercados periódicos quedan derogadas dende a entrada en vigor da mesma excepto as ordenanzas de carácter fiscal, ou de imposición de taxas e tributos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Calquera autorización concedida con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza quedará sen efecto transcorridos tres meses dende á mencionada data; neste prazo os titulares poderán solicitar nova licenza adaptada ao regulado nesta Ordenanza.

Os expedientes para a concesión de autorización para venda ambulante que iniciados con anterioridade, se atopen en fase de tramitación á entrada en vigor da presente Ordenanza, axustaranse nas súas resolucións ao disposto na mesma. A tal efecto requirirase ós/ás interesados/as para que, presenten a documentación adicional que, no seu caso, fora esixible.

DISPOSICIÓN FINAL

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación no BOP e de transcorre-los prazos previstos no artigo 65.2 da amentada lei de bases.

A N E X O

NEGOCIADO SERVIZOS XERAIS	EXPTE Nº:VA/AX/SX/...-...	REXISTRO DE ENTRADA (sello)
-------------------------------------	----------------------------------	------------------------------------

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA

SOLICITANTE

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país):

Nº teléfono/Fax/Correo electrónico

C.I.F./N.I.F./Tarxeta residencia ou permiso de traballo:



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública.

Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

Obxecto social ou actividade:

Epígrafe/s do I.A.E. nos que se atopa dado de alta e ámbito:

REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país)

N.I.F./Tarxeta residencia ou permiso de traballo:

Nº teléfono y Fax para notificacións

Poder: Escritura Nº Notario D/Dª

Localidade..... Data

EXPÓN E SOLICITA

Que considerando que cumpre cos requisitos esixidos na normativa reguladora da venda ambulante ou non sedentaria así como na ordenanza municipal reguladora da mesma solicita a preceptiva autorización municipal para venda ambulante ou non sedentaria nos seguintes termos:

1 Modalidade de venda ambulante interesada (marque cunha "x" a modalidade correspondente)	
<input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados periódicos <input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados fixos <input type="checkbox"/> Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública <input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados ocasionais <input type="checkbox"/> Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda. OBSERVACIÓNS:.....	
2 Datos da venda ambulante interesada	
GRUPO IAE:.....	Nome comercial da actividade (opcional)
PRODUTOS COMERCIALIZADOS: <input type="checkbox"/> Alimentación, bebidas,... <input type="checkbox"/> Produtos ecolóxicos <input type="checkbox"/> Confección, calzado, artigos de couro, ... <input type="checkbox"/> Complementos de beleza, perfumería, droguería... <input type="checkbox"/> Artigos de equipamento do fogar e	MEDIO DE EXPOSICIÓN E VENDA DA MERCADORIA <input type="checkbox"/> Posto desmontable <input type="checkbox"/> Vehículo especialmente acondicionado <input type="checkbox"/> Outros (especificar):.....



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública. Gondomar, 12 de xuño de 2012
A Secretaria acctal. do concello
Asdo.: Elena Ares Salgado

<input type="checkbox"/> ferretería,...	<u>MODELO E CARACTERÍSTICAS DO MEDIO UTILIZADO</u> (cando proceda): Modelo:..... Dimensións:..... Outras características:..... Matrícula:.....
<input type="checkbox"/> Xoguetes	
<input type="checkbox"/> Prantas	
<input type="checkbox"/> Outros.....	
.....	
.....	
.....	
<u>PERÍODO DE VENDA AMBULANTE:</u> <input type="checkbox"/> Todo o ano <input type="checkbox"/> Temporada (indicar datas): <input type="checkbox"/> Ocasional con motivo da feira, festas, etc... (indicar datas):.....	
<u>LUGAR DE VENDA AMBULANTE:</u>	

A tal efecto acompaña a declaración responsable establecida no artigo 12 da ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria
En Gondomar, a.....de.....de 20....
Asdo.:.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE GONDOMAR

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Gondomar con domicilio en Praza Latino Salgueiro 1, 36380 Gondomar (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o Concello. Se o desexa poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI.

ANEXO Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA

Nome e apelidos:

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país)

N.I.F./Tarxeta residencia ou permiso de traballo:

Nº teléfono y Fax para notificacións

En nome propio ou en representación de

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- 1.- Que cumpro tódolos requisitos establecidos pola normativa vixente para o exercizo da venda ambulante na Comunidade autónoma de Galicia, que estou inscrito no rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia, e que tal inscrición atopase vixente na data desta declaración.
- 2.- Que estou en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior a partir do comezo da actividade, así como a esixible acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria
- 3.- Que me comprometo a manter o seu cumprimento no prazo de vixencia da autorización
- 4.- Que non vou a proceder a venda de artigos diferentes dos solicitados e en todo caso daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de selo caso, que cumpriren toda a normativa que regula



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pantovodra)

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria/extraordinaria de data 04.04.2012 e definitivamente por non terse presentado alegacións no período de información pública. Gondomar, 12 de xuño de 2012

A Secretaria acctal. do concello

Asdo.: Elena Ares Salgado

os principios e os requisitos xerais na legislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos

5.- Que estou dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente, de ser o caso, no pago do devandito tributo

6.- Que estou ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social

7.- Que os postos e os produtos de venda reunén as condicións esixidas pola normativa reguladora dos mesmos para a súa venda ambulante ou non sedentaria

DOCUMENTOS QUE SE ADXUNTAN

- Fotocopia CIF/NIF/ Tarxeta residencia ou permiso de traballo
- 2 Fotos tamaño carnet
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil vixente e xustificante do pago do mesmo, que cubra os riscos da actividade comercial.
- Certificado correspondente acreditativo da formación como manipulador de alimentos das persoas que vaian a manipular os produtos no caso de que os obxectos de venda consistan en produtos para a alimentación humán.
- Acreditación da representación nos casos no que proceda.
- Acreditación documental das circunstancias avaliáveis no procedemento de adxudicación en réximen de concorrencia competitiva:.....
.....
.....
- Acreditación documental da alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e estar ao corrente no pago da tarifa ou, no seu caso estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- Recibos que acrediten estar ao corrente no pago das cotizacións da Seguridade Social.
- Documento que acredite o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo, no caso de ser prestador procedente de países non integrantes da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo.
- Acreditación documental de atoparse inscrito no rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia e dispor do correspondente documento acreditativo de tal extremo
- Acreditación documental de ter satisfeito as taxas e os tributos fixados na ordenanza fiscal correspondente.

En Gondomar, a.....de.....de 20.....

Asdo.:.....

En Gondomar a 12 de xuño de 2012

O Alcalde-Presidente

Fernando Guitián Guitián